

INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL Nº 2/2008 SOBRE REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA EN PROCEDEMENTOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E OS REXISTROS ONDE SE PODE PRESENTAR

A integración no Espazo Europeo de Educación Superior está a determinar que cada día sexa maior o número de procedementos nos que persoas de fóra do territorio español presenten documentos en procedementos da Universidade de Santiago de Compostela. Por outra banda, existe unha normativa xeral sobre a validez e forma de presentación deste tipo de documentos que non sempre é ben coñecida polos xestores e autoridades académicas, polo que se fai aconsellable reunir nunha Instrución os requisitos de presentación de documentos e o sistema para que os documentos da USC teñan validez alén das fronteiras do Estado español.

Tamén interesa clarificar o procedemento para a lexitimación dos documentos da USC que teñan que surtir efectos no estranxeiro e os documentos e copias válidas para os procedementos que se xestionan nesta Universidade.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral resolve ditar a seguinte Instrución:

ARTIGO 1.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NA USC

De acordo co disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os documentos que se dirixan a esta universidade poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) No Rexistro Xeral da USC ou nos rexistros auxiliares
- b) Nos rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado (Real Decreto 772/1999, do 7 de maio, modificado por RD 209/2003, do 21 de febreiro) ou das Comunidades Autónomas (na Comunidade Autónoma Galega o Decreto 164/2005, do 16 de xuño)
- c) Nos rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas oficinas de Correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

No caso de presentación ou remisión de documentos por outros medios distintos aos regulados neste artigo ou sen que reúnan as formalidades requiridas, a data de entrada, para os efectos legais que procedan, será a do día e hora na que se teña constancia da súa recepción no rexistro da USC ou na unidade administrativa que teña encomendada a súa tramitación.

Regularanse por norma específica ou pola convocatoria respectiva para os efectos da presentación de documentación por medios electrónicos ou telemáticos.

ARTIGO 2.- COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA

Só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- 1) Rexistros relacionados no artigo 1
- 2) Unidade administrativa onde se tramita o expediente
- 3) Organismo español que expediu o documento
- 4) Notarios españois
- 5) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste artigo. Neste caso, requirirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación.

Tamén se requirirá a presentación do orixinal, cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsu ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

ARTIGO 3.- REQUISITOS DA DOCUMENTACIÓN EXPEDIDA NO ESTRANXEIRO

A documentación estranxeira que deba presentarse e surtir efectos en procedementos da USC deberá cumprir os requisitos de estar traducida e legalizada ou coa apostila da Haia, conforme o establecido na presente Instrución, agás que unha norma ou convocatoria particular estableza outros requisitos distintos ou a exoneración dalgúns deles.

ARTIGO 4.- LEGALIZACIÓN DE DOCUMENTOS

1.- Todos os documentos que se presenten deberán ser oficiais e expedidos polas autoridades competentes, e legalizados por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a apostila do Convenio da Haia.

2.- A legalización ou apostila deberán figurar sobre o documento orixinal, antes da realización da copia que se vaia a compulsar. Este requisito non se esixirá para os documentos expedidos polas autoridades dos Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, nin para os programas das materias e planos de estudo.

3.- A información correspondente a esta legalización deberá ser facilitada pola Autoridade ou Servizos Consulares do país de orixe.

4.- Non se esixirá ningún tipo de legalización para os documentos expedidos nos Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Estes son:

Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Lituania, Liechtenstein, Luxemburgo, Malta, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia e Suíza.

ARTIGO 5.- LEGALIZACIÓN POR VÍA DIPLOMÁTICA.

Todos os documentos estranxeiros deberán ser oficiais e presentarse debidamente legalizados por vía diplomática, sen prexuízo do establecido no artigo seguinte.

Esta legalización require o recoñecemento das sinaturas que figuren no documento orixinal.

Para estes efectos cómpre:

1.- O recoñecemento polas autoridades do Ministerio de Educación do país de orixe, das sinaturas que figuren no documento orixinal, cando se trate de documentos acreditativos de estudos.

O recoñecemento polas autoridades do Departamento correspondente do país de orixe, das sinaturas que figuren no documento orixinal, cando se trate de documentos acreditativos de calquera outra circunstancia.

2.- Legalización polo Ministerio de Asuntos Exteriores do país de orixe, do recoñecemento efectuado no suposto anterior.

3.- Recoñecemento da sinatura da anterior legalización polo Axente Diplomático español no país de orixe.

b) Todos os documentos que expidan os servizos consulares do país estranxeiro en España deberán ser legalizados polo Ministerio de Asuntos Exteriores español.

ARTIGO 6.- APOSTILA DA HAIA E CONVENIO ANDRÉS BELLO

1.- APOSTILLA DA HAIA

A legalización de documentos de países asinantes deste Convenio axustarase ao previsto no mesmo ("Boletín Oficial do Estado" de 25-9-78 e 17-10-78). Neste caso, certificarase a autenticidade da sinatura mediante unha "apostila" que coloca a autoridade competente do Estado que expide o documento. A "apostila" colócase sobre o propio documento ou prolongación do mesmo.

A información correspondente a esta legalización deberá ser facilitada pola Autoridade ou Servizos Consulares do país de orixe.

Os países que ratificaron o Convenio da Haia figuran en <http://www.mec.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=21&area=titulos/legalizacion>

2.- CONVENIO ANDRÉS BELLO

Os documentos expedidos en países que subscribiron o Convenio Andrés Bello: (Art. 2º, Apartado 6, Resolución 006/98, aprobada pola XIX Reunión de Ministros de Educación do Convenio Andrés Bello), serán legalizados por vía diplomática e presentaranse:

- No Ministerio de Educación do país de orixe para títulos e certificados de estudos e no Ministerio correspondente para certificados de nacemento e nacionalidade.
- No Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron os documentos.
- Na representación diplomática ou consular de España dese país.

Son subscritores deste convenio: Bolivia, Colombia, Cuba, Chile, Ecuador, España, Panamá, Paraguai, Perú e Venezuela.

Cando o país sexa tamén asinante do Convenio da Haia, poderá empregarse o procedemento establecido no apartado anterior.

ARTIGO 7.- TRADUCCIÓN DE DOCUMENTOS

Unha vez legalizados, os documentos acompañaranse, de ser o caso, da correspondente tradución, que poderá facerse:

- a) Pola Oficina correspondente do Ministerio español de Asuntos Exteriores.
- b) Pola UNESCO.
- c) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.
- d) Pola representación diplomática ou consular en España do país do que é súbdito o solicitante.
- e) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.

ARTIGO 8.- COMPULSA DE DOCUMENTOS ESTRANXEIROS

Con carácter xeral non se achegarán documentos orixinais aos procedementos.

Cando nun procedemento se esixa unha copia compulsada e esta se refira a un documento realizado no estranxeiro pero do que non se esixa a apostila da Haia ou a legalización, os documentos orixinais deberán presentarse xunto con fotocopia e serán devoltos aos interesados unha vez estendida a dilixencia de compulsas.

Se as fotocopias estiveran xa compulsadas e legalizadas ante Notario español ou polas representacións diplomáticas ou consulares de España no país de onde proceda o documento, non será necesaria a presentación simultánea do orixinal.

Non será necesaria a compulsa para os documentos legalizados por vía diplomática ou coa apostila da Haia.

ARTIGO 9.- LEGALIZACIÓN DE TÍTULOS E DOCUMENTOS OFICIAIS DA USC

A documentación oficial da USC para surtir efectos noutro país tamén deberá cumprir as normas das convocatorias respectivas.

No caso de requirir a "apostila da Haia" ou a legalización deberán completarse os seguintes trámites:

1.- As autoridades ou órganos competentes para colocar a "apostila" nos documentos españois son:

a) Documentos xudiciais:

Os documentos autorizados polas autoridades ou funcionarios xudiciais competentes, corresponde ao Secretario de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma correspondente.

Na Comunidade Autónoma Galega atópase no Pazo de Xustiza - Praza de Galicia, s/n - 15004 A Coruña, Tel.: 981 182 056 / 057

b) Documentos notariais:

Os documentos autorizados notarialmente e documentos privados cuxas sinaturas sexan lexitimadas por notario, correspóndelle aos Decanos dos Colexios Notariais respectivos.

En Galicia atópase na rúa Arcebispo Lago, 12 - 15004 A Coruña, Tel.: 981 120 481 e 981 120 478

c) Resto de documentos:.

Os documentos da Administración Central do Estado correspóndelle ao Ministerio de Xustiza: C/ San Bernardo nº 45 28015 Madrid, Tel.: 913 90 20 11 e 913 90 21 48

2.- Segundo a Orde do 16 de abril de 1990 (BOE núm. 94), os documentos académicos que teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, previamente á apostila, deberán ser obxecto do recoñecemento de sinaturas ben polo Ministerio de Educación e Ciencia ou ben polos servizos que para ese efecto determinen as respectivas administracións autonómicas con plenas competencias en materia de educación, segundo o documento de que se trate.

En calquera caso, tras o recoñecemento da sinatura polo Ministerio de Educación e Ciencia en Madrid ou pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, corresponde apostilar o documento ao Ministerio de Xustiza (C/ San Bernardo nº 45 28015 Madrid, Tel.: 913 90 20 11 e 913 90 21 48)

3.- A Orde do 16 de abril de 1990 (BOE do 19 de abril de 1990) establece que os documentos académicos que non teñen o carácter de oficiais e con validez en todo o territorio nacional (cursos de posgrao e especialización: Máster, Especialista e Experto, etc.), poden ser lexitimados pola vía notarial. Para a lexitimación destes documentos académicos, tanto os asinados polo Reitor como os asinados polos directores ou outros responsables, os/ás interesados/as deberán seguir os seguintes pasos:

1. Recoñecemento da sinatura:

Poderá realizarse o recoñecemento da sinatura nos seguintes notarios de Santiago e Lugo:

- Notaría de D. Nelson Rodicio Rodicio/D. Marcelino Estevez Fernández. Rúa da Senra, 7-1º 15706. Santiago de Compostela
- Notaría de D. Manuel Remuiñán López. Rúa Montero Ríos, 17, Baixo.15706. Santiago de Compostela.
- Notaría de Héctor R. Pardo García. Rúa Xeneral Pardiñas, 18.- Entreplanta C. 15701. Santiago de Compostela

- Notaría de Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias, Rúa Reina, 1, 4º, CP 27001 Lugo.

2. Legalización do documento mediante a inserción da apostila do Convenio da Haia:

Delegación do Colexio Notarial de Galicia

Rúa Arcebispo Lago, 12

15004 A CORUÑA

Tel. 981 120 481 e 981 120 478

Fax 981 122 014

4.- O resto dos documentos non académicos poderá realizarse a lexitimación de sinatura nos notarios de Santiago e Lugo sinalados anteriormente.


DISPOSICIÓN FINAL.- A presente instrución aplicarase o día seguinte ao da súa saída no Rexistro Xeral da USC e deberá terse en conta para as convocatorias realizadas con posterioridade. Os procedementos iniciados con anterioridade regularanse polas súas normas propias sen prexuízo da aplicación subsidiaria desta Instrución no non regulado.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2008

A Secretaria Xeral



Isabel García-Rodeja Gayoso



SR. VICERREITOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, SR. VICERREITOR DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE LUGO, SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA, SRS. XEFES UNIDADES XESTIÓN ACADÉMICA, SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA, SR XEFE DA OFICINA DE RELACIÓNS EXTERIORES, SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDIMENTO, SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA, SR XEFE DE NEGOCIADO DO REXISTRO XERAL DE LUGO, SRA. XEFA DE NEGOCIADO DO REXISTRO XERAL DE SANTIAGO, SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS